



ESTUDIOS GALLEGOS

REVISTA DE

LENGUAJE

FINANZA

TURISMO

publicada por Aurelio Ribalta

OFICINA

Calle de Teruel, 14, hotel

MADRID



SUMARIO: O Rexionalinno nas bilas gallegas, por Andrés Laxe Carballal.—A enseñanza do galego, por Aurelio Ribalta.—Reunión d'ESTUDIOS GALLEGOS. No Ateneo de Madride. Ordenamento.—Ferrocarrís gallegos: O da Costa. Qeixas contra a Compañía do Norte. De Lugo a Ribadeo, por Villalba. A Estación de Santiago.—Poetas de onte. «Tezín soia a miña tea», por Rosalía Castro.—Poetas de oxe. «Pola Patria», por José Rey González.—Del momento presente, por Jacinto M. Mustieles.—Rosalía es nuestra, por D. R. Cernadas Buján.—América gallega. Guatemala.—Bibliografías varias.—Edictos y anuncios.

Suscripción.—A una serie de 10 números, 5 pesetas.—A una serie de 20 números, 10 pesetas.—Número suelto, 50 céntimos.

Gramática Francesa para españoles,

por AURELIO RIBALTA, Profesor en el Ateneo de Madrid.

TOMO I.—Nociones preliminares, Ortografía y Fonética.

Este tomo ha sido informado por la Real Academia Española en un detenido dictamen, inserto en el primer número de su *Boletín*, fecha Febrero de 1914, bajo el título de *Algo de Gramática* y con la firma de D. Daniel Cortázar.

De dicho dictamen, dado a petición del Ministerio de Instrucción pública, entresacamos lo siguiente:

«Forma la obra un volumen, cuyo índice completo llama desde luego la atención, así como después toda la obra.

»Pronto se advierte que la *Gramática Francesa para españoles* es obra bien pensada, donde se establecen principios y se deducen consecuencias interesantes referentes al lenguaje en general, y en particular al de franceses y españoles.

»Consigna el Sr. Ribalta que, aun cuando la generalidad de los tratadistas dan por sentado que la Gramática es la ciencia del vocablo, y que los accidentes de éste, la colocación del mismo en la oración, su pronunciación y su escritura constituyen, respectivamente, la Analogía, la Sintaxis, la Prosodia y la Ortografía, dejan aquél imprecisado en su verdadero concepto, sin que ello sea extraño, pues ciertamente no conocemos la definición exacta del mismo en ningún idioma.

»Por esto, huyendo de la indeterminación del vocablo, busca el autor en el estudio de la lengua hablada el modo o mecanismo de ella, que cree encontrar en la combinación a la vez significativa y rítmica de los sonidos, por lo cual divide la Gramática en dos partes principales: *Gramática de la significación*, tratado analítico de la locución y Sintaxis, y *Gramática del ritmo*, Fonética y Rítmica.

»Partiendo de lo expuesto, la *Gramática Francesa para españoles* llega a lo que no es, pero bien pudiera ser, nueva definición de la Gramática: «El estudio de una lengua no es más que el análisis de su mecanismo, o sea el modo peculiar de combinación de elementos y conjuntos rítmicos y significativos», en lo que parece resumido el sistema y el rumbo pedagógico del libro. No es preciso ahora ni prestar aquiescencia completa a semejantes ideas, ni oponer nimios reparos a su justedad, pero sí conviene observar que en ellas se advierten condiciones de ori-

ginalidad reveladoras de estudio atento y de labor persistente dedicados a la resolución del problema.

»Algo ha de añadirse acerca del desempeño de cada parte de la obra. Lo referente a la Fonética resulta simplificado; facilita la clara exposición de lo que debe entenderse por asimilación, ligado y elisión, y llega a formular con bastante sencillez la regla de cuándo se deben ligar y cuándo no los vocablos, y esto con que el Sr. Ribalta da nueva dirección al estudio de la Fonética, permitirá comprender bien la rítmica de los conjuntos fonéticos, lo mismo en prosa que en verso.

»Se distingue lo referente a la Ortografía por la clara diferenciación de los signos ortográficos, y la especial disposición del capítulo que denomina el autor «Ortografía vigente».

Tomo II.—Tratado analítico de la locución.

Entre los laudatorios juicios que este segundo tomo, no presentado aún a ninguna corporación oficial, ha merecido a la prensa técnica, extractamos las siguientes frases del *Bulletin de la Société d'études des professeurs de Langues méridionales*. (Número 31, Septiembre-Octubre de 1913.)

«Nous ne pouvons, bien entendu, dans ce bref compte rendu donner une idée complète de tout ce que renferme d'intéressant ce très important travail. Nous avons déjà dit combien consciencieuse est la méthode de M. Ribalta. Elle est également très originale, car M. Ribalta n'hésite pas à abandonner les formules traditionnelles toutes les fois qu'elles lui paraissent défectueuses, et à aborder la tâche, souvent ingrate, d'essayer de joindre de plus près la vérité en substituant à certaines théories routinières de la grammaire traditionnelle des aperçus plus neufs, en même temps que plus exactes. De cet effort personnel de M. Ribalta, ou trouvera de nombreux exemples dans sa grammaire: nous nous contenterons de signaler, dans ce second tome, la nouvelle définition que l'auteur donne de l'article et du pronom, et surtout celle qu'il donne de la préposition.—Ajoutons, pour finir ce compte rendu forcément beaucoup trop bref, que l'un des mérites du tome premier se retrouve à un degré plus grand encore peut-être, dans ce second volume: nous voulons parler du soin avec lequel l'auteur, à l'occasion, observe et signale l'usage populaire, toujours si intéressant pour le grammairien, en même temps que si utile à connaître pour les étrangers, puis que, si souvent, l'usage populaire d'aujourd'hui sera l'usage correct et officiel de demain.»—H. G.



ESCOLA GRATUITA

DE

LÊNGOAS BIBAS

POR CORRESPONDENZIA

(Bódea na páxina 302.)

ESTUDIOS GALLEGOS

REVISTA DE

LENGUAJE

FINANZA

TURISMO

publicada por Aurelio Ribalta

OFICINA

Calle de Teruel, 14, hotel

MADRID

Caraute do Rexionalismo nas bilas gallegas (1)

Toda las cousas qe algunhas bilas gallegas fan (polo brau prinzipalmente) con mentes de organizaren festas qe axuden a atraución de forasteiros e qe de paso faborezan a consecución e millor logro de bentaxas varias: ¿teñen caraute rexionalista?

Sí, pero a medias. Teriano de todo si por diante de todo se propuxeran a afirmación da presoalidá gallega. Non o teñen por inteiro por qe esta afirmación da presoalidá gallega tómase somentes coma adición dun interés nobo a os atrautibos da bila. A mais de qe en Galizia e natural qe todo colla caraute gallego.

Por esta razón e, non ten dũa, qe os mêmicos caziques díganse rexionalistas «no qe non atenta, según eles, aa intanxible unidá d'España e aos naturás, prêbilexios do Estado». Non s'esqueza qe o Estado e a sua mina, o fiador e mai lo abal dos seus grandes nãgozios.

Toiman do rexionalismo as formas, o aparente; pro se gardan ben d'azeutaren a esencia: a autonomía do país.

(1) Bede o númãro 21.

Este rexionalismo dos caziques acórdame da relixiosidade de zerto grande ome de qen calo o nome por respeto. Fai moitos anos, doulle a este señor por assistire na Catedral de Madride (San Isidro) aas funziós relixiosas coo brebiario nas maus, sigindo os rezos. Na sua casa, diante dos seus tertulios, naqel discurso perpetuo qe era de cote a única forma da sua conversación, loubaba un dia as grandezas da Relixión católica, a firente poesía do seu culto, a superna subrimidade dos seus dogmas. Tan ispirado estibo na sua peroración elocuentísima, tanta unzión puxo nela, qe os seus amigos e correxionarios qedano caladiños, e sin astrebérense a poñeren comentario ningún. Tiñan medo de qe o seu ilustre xefe lles fose pidire a zédula de comunión na parroquia. Por fin un deles, un pouco labàdo, qixo poñere os puntos sobre dos fes e foille perguntare o gran tribuno: «E logo, Don Fulano, el seiqe cree na dibinidade de Cristo?»—O grande ome bolbeuse pra ollalo, e no medio da arela con qe todos agardaban pola sua rêsposta, deixou caère estas poucas falas zínicas.—«Eu qei de creere, o?»

Os nosos caziques rexionalistas fan algo polo xeito: coidan qe o rexionalismo consiste en tocá la gaita cando lles conbén aos diputados cuneiros, aos Alcaldes de Real ordre, aos conzexales firmós, aos saíos todos qe nos matan. Pero a libertá de Galizia qe a parta un raio.

Inda fai pouco qe se ten elixido diputado por Arzúa a un periodista de Madri, Don Luis Bello, en condiziós de dominación tales, qe algús diarios teñen protestado, salvando todos los respetos aa presoa, qe sempre deben de qedare salbos, deste escandaloso enxemplo de tiranía exerzida con tan asoballante resolución, e sufrida con tan ebanxélica ûmildá. ¡Arzúa, a garrida bila montañesa, sirbe pra qe Luis Bello baía facendo a sua carreira!

Neste brau pasado temos tido unha cheia de Xogos frorás, mostruario rechamante do rexionalismo caziqista.

Os caziques son solizitados por los organizadores pra daren premios, e de paso pra se daren tono. Nestes Xogos frorás gábanse moito as grorias de Galizia; lóubase con toda cras de tópicos o paisaxe; píase, tamén con tópicos, pola emigrazión; pero cóidase ben de relegare a fala pra fis meramente literarios e ornamentás, negándolle resoltamente toda consideración de fala coofizial; e repúdiase de todo en todo, coma unha maldizión, a autonomía.

Desta cras de Xogos frorales temos tido varios neste brau en Galizia. Us, antreles, pra sirbiren d'enxemplo de rexionalismo caziqeiro, os de Pontebèdra. Cando se publicóu a lista de premios, beuse moi ben o criterio: pirmeiro premio, o Rei d'España; os demais premios, os reises da probinzia de Pontebèdra, os proteutores, os caziques; e desta maneira aqel programa dou o espeutáculo de salire a premio por caziqe, e d'estaren os caziques todos baixo o pabellón rãial, qérese dêzir, agrupados debaixo do Rei. Tan patente resultóu este alarde, qe, sin duda por razóns de púbrica onestidade, os boletís qe reproducino o programa tibeno o pudor de suprimiren os nomes dos donantes de premios, berdadeiro e lúzido estado maior dese eisuberante caziqismo pontebedrés, praga da probinzia.

Os males qe se producen con este falso rexionalismo dos caziques son enormes, pois qe nubra a conzenzia da situazón de Galizia por parte da inteleutualidá bilenga.

O señoría gallego, eso qe en castellano chaman crase médêa, non sabe a qe carta qedarse: por un lado be qe os caziques alardeian de «rexionalismo san», e por outor lado ben be qe asoballan o pais e fan del un pandeiro, esgotando pouco a pouco todo lo seus recursos, fazéndoo baixare, ainda en pobrazión, qe ie o último en qe pode baixar un pais. E por eso temos en Galizia ese señoría desorientado, situazón berdadeiramente tráxica e qe non pode tardar moito en estoupãre.

O señoría as bilas gallegas déixase asoballar polos caziques, por qe non sabe qe fazere. Anda desorientado,

non ten criterio gallego. E non ten criterio por que non ten presoalidá gallega. E non ten presoalidá gallega por que non ten a fala gallega coma espresión dos seus problemas espirituais.

Resulta desto unha grande inopia na inteleutualidá das bilas. Ela ben entende que o rexionalismo abanza, e non o repudia. Pero tamén conoze a propia inferioridá espiritual que non lle deixa chegare aa categoría de pobo libre polo seu traballo. E mais pensa e di que o rexionalismo gallego, a autonomía de Galicia e cousa boa, pero que a bila gallega non está aínda educada pra rezêbila. Este bos e o infame labore do caziqismo pseudo-rexionalista: a inferioridá moral da xente bilenga de Galicia.

Esta inferioridá moral en xente que tense por culta, da por froito unha cheia de ideas áqibocadas que pasan antre ela por cousas zertas. ¿Que sería de nos—berran espartados—si tiberàmo l'autonomía, cando as catro Diputaziós biben nun apartamento egofsta? ¿Que sería desta bila (cada un fala pola sua) si Don Fulano nos retirase a sua proteuzión?

Ansí falan os escribos. Ansí sintiredes falar en todá las bilas gallegas a esta xente que coida ser ilu-trada.

Aos que biben fora de Galicia parézelles mintira que nas bilas gallegas pódase bibire nestas condiziós. Fainos falla un ome, un O'Connell gallego que baia por todas las nosas bilas padricando en lêngoa gallega o traballo gallego como única maneira de tere unha rexa, unha esco-reita presoalidá gallega que poida desenvolvere o seu esforzo nunha sana e bibificante atmosfra de autonomía de Galicia. Ese ome xa nos tarda. Dió no lo dea axiña.

ANDRÉS LAXE CARBALLAL.

A enseñanza do gallego.

En gallego ai poucas gramáticas; pro e que a xente non pide ter mais. Nas botan de menos. As moitas gramáticas das outras línguas responden aas nezesidás da enseñanza. Pro en Galicia non

se estudia o gallego, depréndese sin libros. ¡Mêntira parez qe tal sũzeda no sigro xx, o!

Por esta razón «de feito», non «de razón», abonda ben con satisfazêre as nezesidás dos eruditos, dos curiosos, dos literatos— deiqi ou de fora, cáxeqe mais de fora qe da casa.

E pra tal efeuto temos a Gramática de Saco y Arce, qe representa a perfeuzión mais grande a qe ten chegado a escola crásica ou tradicional; e mais a Gramática de García de Diego (1), qe rapresenta a adautación ao gallego da escola fonetística alemana.

Estes son os dous libros qe conozen e manexan os estudiosos de Galizia, do resto d'España e mais do Estranxeiro. Xa se sabe qe ai mais testos, pro o seu interés e mais qe nada bibliográfico, sin ter chegado a collere o creto qe polo seu mérito ten a Gramática de Saco y Arce, qe por zerto adiantouse o seu tempo, nin o interés de modernidade qe ofrezee a de García de Diego, mero traballo de pazenzia qe, coma todo los da escola fonetística, pódese crasificàre na categoría de «Gramáticas sin gramática», no sêntido de qe non formulan nin xiqera un conzeuto gramatical. Nin un triste.

Os estudos de gallego, como se be, fanos somentes algũs inbes-tigadores, individualmente. Non están organizados ainda. Na Nubersidá gallega non ai como e debido ningunha cátedra de gallego, nin tampouco en ningunha outra Nubersidá española, porqe a qe abfa na de Madride suprimeuse.

Nos Istitutos de Galizia ningièn pon cátedra de gallego, nin nas Escolas normás, nin nas de Comercio. En moitas destas deprêndense línguas mortas coma o latín, línguas estranxeiras coma o franzés, inglés, alemán, pro en ningún establezemento d'enseñanza de Galizia deprêndese o gallego.

Esto danos a mēdida do atraso das ideas sobre cultura nas bilas gallegas. Este desdén inconzebibre e sũizida pola lēngua propia, estámolo pagando ben caro, por zerto, coas dificultás qe en todo atopamos pra tere un aire de presoalidá.

Desto resulta qe as xentes biben sumidas no negror de moitos erros diferentes. Un deles e o de pensare qe o castellano e lēngua

(1) Somentes ten dado a lus a primeira parte: *Fonética, Morfoloxía*.

mais perfeuta qe o gallego. Outor deles e o de pensar qe non pode sere utilizado na bida zibil antramentres non se diga cal e o gallego «puro», prezindindo das suas bariantes e dobres formas, qe xustamente son a sua riqueza, como en toda las outras lêngoas as bariantes son esprender e abundanzia de medios espresibos.

Resultado de todo esto e qe a xente fina qe fala o gallego non s'estrêbe a esqirbilo por medo de cometer faltas qe sexan tomadas por siña es d'incultura; e qe as cartas dos labercos sexan, moitas bezes, unha adibiñanza.

O qe pasa coos labercos e unha destas inxustizias qe non teñen nome. Inda sabendo qe a escola non debe sere mais qe porparación pra a bida, depréndeselles o castellano (moito pior de como s'enseña nas cátedras de castellano, francesas, inglesas e norteamericanas), (1) de tal maneira qe san da escola sin sabere castellano nin gallego (2). Ansi e qe non s'estreben a esqirbiren nunha fala nin noutra, facendo con esta conduta unha perda de pesetas berdadeiramente enorme; tanto pra eles como pra a riqueza do país.

Non sei por qe nas escolas non se a de dependere por prenzípios o gallego ao mesmo tempo qe o castellano. E non sei tampouco por qe estas duas asinaturas das escolas rurás non an de enseñare espezialmente modismos e figuras, como se fai en moitas das cátedras de castellano dos países estranxeiros qe acabo de zitare pouco mais enriba.

Esta enseñanza lingüística, metódica, das duas lêngoas, castellana e gallega, nas escolas rurás, tería unha importancia enorme no adianto na nosa terra. Non s'esqueza qe oxe os omes zibilizados perzisan conozere ben duas falas polo menos.

Esta consideración acórdame do qe di Michel Bréal nun dos seus milliores libros (3): «La Linguistique parle à l'homme de lui-même: elle lui montre comment il a construit, comment il a perfectionné, à travers des obstacles de toute nature et malgré d'inevi-

(1) Desto non poido falare eiqí, oxe. Pro si Dios dame bida e saúde, falarei cando cadre.

(2) Algús maiestros ilustrados sírbense do gallego na escola, e fan debidamente, usándoo como medio pedagóxico.

(3) *Essai de Sémantique*, 4.^a edizion, páxina 2.

tables lenteurs, malgré même de reculs momentanés, le plus nécessaire instrument de civilisation.»

Este instrumento de zibilización que Michel Bréal considera o mais nâzesario de todos, e o linguaxe. Consideremos como andaremos nos, que sendo país de duas línguas, non adprendemos ben nin o gallego nin o castellano.

O noso P. Sarmiento ten dito que os nenos en Galizia debían deprenderen o latín con gramática esqirta en gallego. E o Padre Sarmiento ten dado mostrás d'abondo de ser un ome discretismo; e o cabo dos anos é da mudanza dos tempos, sigue tendo razón neste, coma en moitas outras cousas.

Neste lastimoso abandono en que en Galizia están os estudos de gallego (non falo dos traballos indibiduás dalgús poucos inbestigadores) non aí mais indizio de salvazón que a cátedra posta, non sabemos con que éisito na opinión, polos Amigos da fala, da Cruña.

E berdadeiramente qesto non chega. Dempoís de todo, esa cátedra é un esforzo indibidual, importante porque marca unha tendenzia, pro moi modesta pola falta de medios materiás, local, frecuencia e dotazón pra o mestre. E perziso fazer mais e fazere cátedras de gallego diarias, de seis oras por semana.

E perziso que a nosa Nubersidá, por extensión nubersitaria, poña cátedra de Lêngua gallega e mais de Literatura de Galizia; ou que oficialmente pida e logre o traslado pra Santiago da cátedra de «Lengua y literatura gallega» pouco fai suprimida na Nubersidá de Madrí. Si non estibéramos asoballados por caziqes, xa estaría feito. Si os nosos diputados a Cortes foran coma os deputados catalás, sêrbidores do seu país e non dos mandós, xa estaría remediada esta tremenda falta de cultura. Si as nosas Diputaziós, antros da púlítica local que nin xigera se comunican unha coa outra, estiberan xuntas coma e debido, pra loitaren polo interés de Galizia, a cátedra de Lengua e literatura gallega sería un feito, tal e como en Barzelona funziona unha cátedra de Lengua e literatura catalana, desempeñada polo señor Rubió y Lluch, fillo do famoso Rubió y Ors, e pega pola Mancomunidá de Cataluña.

Non podemos contar co os nosos púlíticos. Non podemos contar coas nosas Diputaziós, catibas. Pro a nezesidá d'istaurare en Galizia estudos de gallego e cada día mais patente. Fagamos un

chamamento aa boa boluntá dos omes. Ai soziedás qe fundan escolas. Ai particulares qe as fundan tamenqe. Pidámoslles a todos eles qe istauren en Galizia estudos de Gallego. Pidamos a Dios qe ilumine os seus entendementos, qe amolente o seus corazóns e qe lles faga abriren os seus petos pra unha obra tan boa, tan perzisa, tan santa.

AURELIO RIBALTA.

“Reunión d’Estudios Gallegos,”

No Ateneo de Madride. —Pra o ano, no Xaneiro, comenarán os traballos desta Agrupación propagandista da inteleutualidade gallega no Ateneo de Madride.

Esta meritoria tarefa comprende, por de contado, catro conferencias. Unha, d’Aurelio Ribalta, sobre «A lèngua gallega na literatura doxe». Outra, de Rodrigo Sanz, sobre «Problemas do laboratorio gallego: Creto agrícola e mais foros». Outra, de Luís Porteiro, sobre «O caziqismo en Porto do Son», e outra de Eloi Luis André, sobre «A Mancomunidá catalana e a Mancomunidá gallega». As duas pirmeiras serán o 5 de xaneiro e o 5 do febroeiro.

De par desta labor das conferencias no salón grande, aberá tamén un curso brèbe de inbestigación na cátedra pequena.

Tratará este curso de determinàre a «Presoalidade filolóxica de Galizia». Comprenderá dez leuziós, duas cada mes, nos cinco de xaneiro a maio. E mais estas leuziós tratarán: A 1.^a, da xénesis e da eboluzión lingüística en Galizia. A 2.^a, de textos gallegos antigos como datos pra este estudio. A 3.^a, do Renazemento da lèngôa gallega no sigro XIX. A 4.^a, de si a beleza das lèngôas entra dentro da Gramática, e de formulare o pran dun nobo sistema de Gramática. A 5.^a, de melodía do falare, azeno local, e prenunziación tipo. A 6.^a, de modalidás do gallego do Norte e do Sul, sigún as suas bariantes de cantidá, tono e timbre. A 7.^a, elementos rítmicos do gallego: letra, sílaba, pe rítmico, silencio e cadenza. A 8.^a, conxuntos rítmicos no berso e mais na prôsa. A 9.^a, desenbolbemento aparado dos elementos sinificatibos e dos elementos rítmicos, con regras xenerás do ritmo. E a 10.^a, o ritmo en

relación coos fenómenos filolóxicos chamados elisión e mais enlace; coos auzidentes gramaticás de sustantibos e adxetibos, e coas irregularidás dos verbos gallegos.

Paréntesis.— Mereze ser notada a cuaselidade de qe este ano a cátedra pequena do Ateneo está cuase monopolizada por gallegos. Domingo Carro, médico, da un curso brebe (catro leuziós) d'enfermedás e de radiografía do estómago. López Carballeira, santiagés, calonxe na catredal de Toledo, dou outro cursiño (seis conferencias) sobre Relixión e Relixiós. E mais Aurelio Ribalta dará o qe bai dito. Si non fora por un señor qe dará outro cursiño (de Matemáticas), e qe non e gallego, Galizia tería o monopolio da cátedra pequena.

Ordenamento.— 1.º «Reunión d'ESTUDIOS GALLEGOS» e unha agrupación consagrada o estudio e dibulgación de toda las manifestaciós da cultura gallega.

2.º O lucro queda espresamente separado dos fis da Reunión. Todo los seus ingresos, inda as ganancias se as ouber, apricularáanse a os gastos da vida sozial, publicaziós e porpagandas.

3.º As publicaziós gallegas son o labor de mais presa pra a Reunión.

4.º Pra repartiren o traballo aberá sete seuziós, qe son:

Arqueoloxía

Arte

Direito

Filoloxía

Finanzas

Istoria

Zenzias Naturás

de Galizia.

5.º A Reunión atenderá os seus gastes co os sigientes ingresos

Donaziós mensuales dos seus indibiduos.

Benda das suas publicaziós.

Donatibos, legados.

Pensiós de particulares ou de Corporaziós.

6.º A «Reunión d'ESTUDIOS GALLEGOS» chama para xunto dela:

A) A todos cantos qeiran fazeren estudos de cousas de Galizia ou contribuiren a qestes estudos se baian facendo.

B) A todos cantos queiran axudaren aa dibulgación destes estudos, xa nas páxinas da Rebista, xa en libros ou folletos separadamente dados a luz.

C) A todos cantos gallegizantes dauzión (1) estimen zerto qe a unión fai a forza.

7.º Todas as publicaziós da «Reunión d'ESTUDIOS GALLEGOS» serán gratuitas pra os indibiduos q'estean corrientes no pago.

A Reunión determinará en cada caso cantos enxemprares anse de dar a cada donación, qérese dezir, a cada cuota.

O número d'enxemprares qen cada caso se señale, fixarásese, como e natural, botando a conta do prezo de coste e mais dos gastos d'adeministración.

8.º Cada indibiduo da Reunión procurará repartire como porpaganda os enxemprares qe lle toqen.

Tamén poderá bendelos a prezo de benda; pro neste caso debe entregar a Reunión as ganancias pra seren aplicadas aos ffs sozías. (Art. 1.º)

Os productos líquidos da benda nas librerías serán igualmente aplicados aos ditos ffs.

Os indibiduos da Reunión qe fagan pedido d'enxemprares pra porpaganda, os pagarán a como se lles poñan en cada caso, según o prezo de coste, e sempre por debaixo do prezo de venda.

9.º Pra estare na Reunión e nezesario:

Falar e mais esqirbire en lêngôa gallega.

Fazere unha donación mínima de zinco pesetas cada mes.

Ferrocarrís gallegos.

O da Costa.—O labor parlamentario modificou o proieto do señor Ministro de Fomento (Gasset) de tal maneira, qe xa sirbe a nosa nezesidá. As impresiós agora son boas. A beleta parlamentaria biróu pra o lado da xustizia qe pèdimos, grazias aas enmendadas dos parlamentarios.

(1) Dauzión qere dezir somentes estudio e porpaganda. Ponse pra escriuire aos qe din qe aman a Galizia, pero sin demostraren con feitos o seu amor.

Desta maneira renazen as esperanzas de que axa capital que queira ire aa costrución do camiño de Gijón a Ferrol.

Pero aínda aí mais.

Un boto particular que leba como primeira firma a do Sr. Soto Reguera, propón que no presuposto extraordinario de Fomento se poñan zen millóns de pesetas, repartidas en dez anualidás de a dez millóns cada unha.

Con estes zen millóns haberá diñeiro, que íe o que fai falla.

Pero o conto é que se cadra non aí, polo que se be, presuposto extraordinario de Fomento, e co a mesma os deputados gallegos e asturianos, facendo súa a proposta do boto particular, acordano percorrar que no presuposto ordinario de Fomento se poñan os primeiros dez millóns da primeira anualidá.

Esta autitú dos deputados gallegos e asturianos ten unha particularidá, a sabère: que acordano tamén sostère «por todo los medios» a pètición deses cartos, tanto no presuposto extraordinario de Fomento coma no ordinario.

A nos parézenos ben, así de momento, a autitú dezidida dos señores deputados. Beremos si prospera.

Nos non somos pesimistas nunca máis amén. Pero é que tratándose da comedia parlamentaria non pode un ter confianza nunca. O millor ben unha crisis e alá baí todo. E por outra parte, tratándose de deputados que son omes de partido, xa é sabido que a súa auzión baí sempre escrabizada a esas que se chaman «comenzias de partido», que se biran a todo los bentos, coma beletas. Un «ome de partido» non é nunca un ome que manteña o seu criterio propio. Baía a berdá por diante.

Resume do estado actual deste auzidentado asunto: O proieuto ten sido tan profundamente modificado polas enmendas parlamentarias, que pasón de proieuto que non sirbía a proieuto que sirbe ao interés de Ferrol e Gijón, interés marcadamente nacional de España. E aínda máis. Ese boto particular ao presuposto extraordinario de Fomento, con aplicazón no ordinario si o primeiro non prebalez, pide ao Estado os cartos nezesarios pra fazere ese ferrocarril en dez anos: Zen millóns de pesetas.

Como rúbrica poñeremos a autitude resolta dos deputados intresados direutamente por que este asunto se consiga.

Dió lo faga, amén. Pro esta rúbrica poñémola por un eszeso de boa intenzió, e diremos o por qué.

O ferrocarril da Costa forma parte do proieuto de 'lei dos secundarios. E mais nos non bimos ainda qe este proieuto lebe trazas de sere lei, polo d'agora.

Co o Parlamento español todo son dúbidas, por qe sempre anda a tropicós. Sin faltarlle a o respeto, ai qe reconozere qe co el non se pode atare un ichabo d'azafrán.

¡Canto mal fai a España ese bendito Parlamento!

Qeixas contra a Compañía do Norte.—O noso qêrido cofrade *El Correo Gallego*, do Ferrol, qêixouse este outor día do malismo sêrbizio da liña gallega, dos retrasos, da escasez de bagós, e, na derradeira, de ter suprimido *ab irato* unha zerta tarifa qe lle priba de poñere papel sobre bagón en toda a ringleira d'estaziós comprendidas antre a Cruña e mais Monforte.

Láíase o cofrade por qe esta noba traba na traenzió aumenta a carestía, xa ben inxusta e ben grande, do papel.

Por outra parte, os boletís da Cruña nos dan conta do fondeiro disgusto d'aqela bila contra a Compañía do Norte. O comercio todo pechóu un día pra manifestalo unánimemente, e inda falón de tomaren outras midas de maor gradedá.

Di o comercio cruñés ou polo menos os boletís qe recollen o seu sêntire, qe sobre os moitos agrabios qe a Compañía ten de bezado fazere aa Cruña, xúntase agora a irregularidá no trasporte, qe paraliza o tráfico todo e qe fai perdêre ao comercio moitos cartos.

O disgusto chegou astra o Congreso, onde o Sr. Ozores de Prado, un dos deputados pola Cruña, contou en son de qeixa o qe pasaba. Do Parlamento non a bir o remedio, xa e sabido, pro a qeixa dese señor Diputado mostra ben o moi grande qe e o incommo acolá enbaixo.

Tampouco faltano os partes polo aramio cursados ao goberno da S. M. polas entidás mercantís da Cûruña, talmente ineficazes de cotío.

A Compañía dos Camiños de ferro do Norte inda non puxo remedio a un mao qe por todo los indizios tense producido soio pola culpa dela.

A nos, q'esqirbimos sin pasión e sin énfasis, nos parez qe a Compañía non entende o seu interés nesta custión, como en tantas outras, por qe por enriba de todo, o interés das Compañías ferrobriarias está sempre eu aumentaren o tráfico, tanto de mercadurías coma de biaxeiros. Pero en fin, a Compañía pensa doutra maneira, e nos non podemos ter outro papel qe o de cronistas, pro facendo ben notare a nosa simpatía polos protestantes, anqe estes qeden desatendidos.

Nesto d'amenguare o tráfico inda bemos outro enxemplo no Ferrol. A Compañía, qe no ano 1915 suprimira algús tres durante dous meses, neste ano de 1916 suprimeunos por oito meses. E aínda amóstrase satisfeita de ber qe a redución do sêrbizio tróuxolle unha economía mais grande aínda qe a perda pola baixa de biaxeiros.

Nos nos estreberíamos a propoñere qe estremando o procedemento suprimira todo sêrbizio, e con eso suprimiría todo gasto.

E moi zerto qe o qe sũfre as consecuencias e Ferrol, Ferrolíño, sin bapor aa Coruña e cuase sin tren a Betanzos. Pro Ferrol aguanta a conduta da Compañía, tal e como a supresión do bapor aa Cruña. Co esta falta d'istinto coleutibo conta, sin duda, a Compañía do Norte, impune de feito. ¡Canta delor!

¿Cando as nosas bilas conbenzeranse, se qêren, de qe si se non salban polo seu traballo e polo seu esforzo, morren da proteución dos pùlticos e da soberanía das Empresas poderosas?

E còste qe os pùlticos e mai las Empresas sonbos coma a bisión da Biblia: teñen a testa douro, e os pes de lama.

De Lugo a Ribadeo, por Villalba.—*Galizia Pintoresca*, esze-lente Rebista de Villalba consagrada ao fomento do Turismo gallego, laboriño de moito porbeito pra o país, desenterróu unha lei qe non se cumpre: a deste ferrocarril. Pra fazer qe se cumpra abren campaña, simpática e abegosa campaña na qe, por si algo balemos, tamén formamos nos, omildosos pero resoltos.

